

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 3 DE MARZO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Decreto polo que se declara o Entroido Ben de Interese Cultural do patrimonio inmaterial.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Ribadumia para a renovación do céspede artificial do campo de fútbol A Bouza-Barrantes, por un importe total de douscentos sesenta e sete mil cento setenta e oito euros con noventa e un céntimos (267.178,91€).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo ao procedemento de asignación do concerto social para a selección de entidade privada sen ánimo de lucro para a atención residencial e a intervención educativa integral con persoas menores que teñan que cumprir medidas xudiciais privativas de liberdade previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores no centro de reeducación de Concepción Arenal na Coruña (35 prazas). Importe do orzamento do servizo: doce millóns vinte e cinco mil novecentos noventa e catro euros con noventa céntimos (12.025.994,90€). Valor estimado: vinte e oito millóns novecentos trinta e nove mil corenta e un euros con tres céntimos (28.939.041,03€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos, para o financiamento do proxecto Aulas Senior de Galicia para o exercicio 2025. Importe: douscentos mil euros (200.000,00€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Escola Galega de Administración Pública e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento de actividades de investigación, estudo e difusión en materia de análise económica e financeira de políticas públicas, por un importe total de seiscientos mil euros (600.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación mediante acordo marco, cun único empresario, da subministración de sistemas de almacenamento de bloque para a Xunta de Galicia, por un valor estimado de vinte e tres millóns cento vinte e oito mil trescentos sesenta e sete euros con sesenta e sete céntimos (23.128.367,67€).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se toma razón da licitación, polo procedemento de concurso de proxectos, dos contratos de servizo para a ordenación, desenvolvemento e urbanización do ámbito da UI-8 do Barrio da Tinería en Lugo, para a rehabilitación do pazo de dona Urraca e edificios contiguos e para a construción das novas edificacións a proxectar no dito ámbito, cun importe de licitación de cincocentos sete mil cento corenta e catro euros con tres céntimos (507.144,03 €).
- Acordo polo que se declara unha área de rexeneración urbana de interese autonómico (área Rexurbe) no concello de Ourense.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, pola que se crean medidas de protección integral e de prevención contra a violencia no Sistema público de saúde de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a realización de pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concedida e a exención de constituír garantía para os pagamentos anticipados no convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e a Asociación Academia Galega do Audiovisual para o desenvolvemento da XXIII edición dos premios do audiovisual galego Mestre Mateo en 2025, por importe de setenta mil euros (70.000,00€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se aproba o texto do proxecto de decreto polo que se regulan a Certificación galega de excelencia en igualdade e o Rexistro de empresas e entidades do terceiro sector recoñecidas coa Certificación galega de excelencia en igualdade, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se toma razón da licitación das obras de rehabilitación e aumento da vida útil do acceso á illa das Goritas, no porto de Cambados-Tragove, cun orzamento base de licitación de catrocentos oito mil setecentos setenta e oito euros con oitenta e seis céntimos (408.778,86 €) IVE incluído.

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe balance da aplicación da Tarifa +65 no ano 2024.
- Informe do balance da aplicación da Tarifa Xente Nova no ano 2024.
- Informe sobre a conexión de alta velocidade ferroviaria Vigo-Porto.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Informe sobre o seguimento do Plan de axilización e simplificación dos trámites de dependencia e discapacidade.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe balance sobre a Estratexia para a internacionalización das empresas galegas.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre as medidas postas en marcha pola Consellería de Sanidade fronte ás agresións ao persoal do Servizo Galego de Saúde.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe sobre as liñas estratéxicas e o plan de usos do Teatro Cine Fraga de Vigo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre as axudas concedidas ao abeiro da convocatoria do programa Bonos talento empresa, para a realización de proxectos formativos de curta duración que desenvolvan as entidades beneficiarias durante as anualidades 2024 e 2025.
- Informe sobre a obra de adecuación de local para a Oficina de Emprego de Vilalba (Lugo).
- Informe sobre as mulleres no mercado de traballo no ano 2024.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre o pagamento complementario de 3,5 millóns de axudas directas da PAC da campaña 2024.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE O CONSELLO DA XUNTA APROBA A DECLARACIÓN DO ENTROIDO COMO BEN DE INTERESE CULTURAL INMATERIAL

- Destaca o seu valor sobranceiro como patrimonio inmaterial de Galicia e a súa importancia á hora de reafirmar a identidade dos concellos e a convivencia interxeracional
- Apunta a que esta declaración protexe ao Entroido galego no seu conxunto e achega medidas de salvagarda
- Con esta aprobación, xa son 784 os Bens de Interese Cultural en Galicia

O presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello da Xunta aprobou o decreto que declara Ben de Interese Cultural o Entroido ao considerar acreditado o seu valor sobranceiro como “patrimonio inmaterial da nosa Comunidade”.

Esta declaración culmina o proceso iniciado en 2024 para darlle esta distinción ao Entroido galego e chega tras recibir os informes favorables do Consello da Cultura Galega e do Museo do Pobo Galego sen que se rexistrase ningunha alegación, e supón a aplicación do réxime de tutela da Lei de patrimonio cultural e, polo tanto, o maior nivel de protección.

Segundo sinalou Rueda, esta celebración ten unha “incalculable importancia” desde o punto de vista histórico, etnográfico e cultural, cunha relevante presenza nas “artes e nas letras” dentro e fóra da nosa Comunidade.

O decreto salienta a multitude de funcións sociocomunitarias e culturais que cumpre o Entroido. Neste senso, o titular do Executivo galego puxo en valor a súa utilidade para “reivindicar a identidade” de lugares, aldeas, parroquias ou concellos, favorecendo a integración, a sociabilidade ou o “intercambio interxeracional”.

O titular do Goberno galego tamén lembrou que nesta declaración de Ben de Interese Cultural tamén se enxalza a riqueza, diversidade e multitude de expresións singulares propias do Entroido, facendo fincapé na ampla tradición coa que conta en “boa parte de Galicia” e a súa capacidade de adaptación. De feito, cómpre sinalar que un total de 191 dos 313 concellos galegos (61 %) escolle unha data vencellada ao Entroido como festivo local.

En conxunto, con esta aprobación xa son 784 os Bens de Interese Cultural que hai en Galicia recoñecidos pola Xunta. Deles, 111 foron declarados desde a entrada en vigor da Lei de patrimonio cultural de 2016, unha cifra que reflicte o importante compromiso do Goberno por protexer, conservar e pór en valor o patrimonio sobranceiro da Comunidade.

Ampla distinción á celebración

Tal e como lembrou o presidente, a consideración de Ben de Interese Cultural recoñece e protexe “o conxunto” do Entroido galego, sen circunscribirse a festexos concretos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Precisamente, hai que ter conta que algúns deles xa contan con esta distinción como son os de Santiago de Arriba (Chantada), Salcedo (A Pobra do Brollón) e Esgos, declarados BIC no marco da declaración da paisaxe cultural da Ribeira Sacra aprobada en 2018.

A maiores, o decreto ten en conta que varios entroidos teñen recoñecemento como festas de interese turístico. Trátase dos de Xinzo de Limia, que é de interese turístico internacional; do de Verín, de interese turístico nacional; e outros nove entroidos que están recoñecidos como festas de interese turístico de Galicia: Cobres, Laza, Viana do Bolo, o Folión tradicional do Entroido de Manzaneda, os Xenerais da Ulla, Maceda, Vilariño de Conso, Foz e o Enterro da Sardiña de Marín.

Medidas de salvagarda

Co obxectivo de garantir o legado deste tesouro cultural e a potencia da celebración en Galicia, Rueda destacou que o decreto aprobado hoxe polo Goberno galego tamén recolle unha serie de “garantías” de salvagarda para a preservación, transmisión e revitalización deste Ben de Interese Cultural.

En consecuencia, recóllese a conveniencia de archivar e sistematizar documentos relacionados con este patrimonio para poder comprendelos dun xeito máis eficaz e completo, así como para garantir a súa preservación futura. Ao respecto, tamén se recomenda que se promova a súa incorporación ao ensino de xeito formal e informal, e que tamén se produza a creación dun repositorio do Entroido galego coa documentación, testemuños, material audiovisual e outros rexistros de interese.

Gastronomía e máscaras

Na distinción de Ben de Interese Cultural tamén están moi presentes os vencellos coa gastronomía, pola súa relevancia na vida social nunha comunidade. Así, na actualidade, existen cinco festas gastronómicas de interese turístico relacionadas co Entroido: a Feira do Cocido de Lalín, festa de interese turístico internacional, as festas da Filloa de Lestedo, do Lacón con Grelos de Cuntis, da Androlla de Viana do Bolo e do Botelo do Barco de Valdeorras.

Por outro lado, este recoñecemento dálle relevancia ao emprego da máscara como un elemento entroidístico característico, que se vencella sobre todo coas raíces rurais deste festexo cultural e lúdico, aínda que o seu uso está espallado por determinados entroidos urbanos de Galicia.

Asemade, o decreto pon en valor que no Entroido hai unha serie de ritos, cunhas normas, expresións e materialidade que se adaptan aos tempos, constituíndo un patrimonio cultural vivo e valioso para comunidades, grupos e persoas na nosa Comunidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E O CONCELLO DE RIBADUMIA IMPULSAN O TURISMO DEPORTIVO NO SALNÉS ACOMETENDO MELLORAS NAS INFRAESTRUTURAS

Turismo de Galicia e o Goberno local asinarán un convenio para a renovación do céspede artificial do campo de fútbol A Bouza-Barrantes e favorecer así o reequilibrio territorial

O Consello da Xunta de Galicia autorizou este luns a sinatura dun acordo de colaboración entre Turismo de Galicia e o Concello de Ribadumia para a renovación do céspede artificial do campo de fútbol A Bouza-Barrantes e dar así un novo pulo ao turismo deportivo da zona, tendo como base a forte tradición deportiva deste municipio pontevedrés, onde conviven dous clubs de fútbol.

Deste xeito, a actuación suporá unha mellora da área deportiva desde o punto de vista funcional, ao tratarse dunha actuación estratéxica e integrada. Ademais de incrementar o uso e disfrute das instalacións por parte dos veciños e visitantes, tamén revalorizará o patrimonio e fomentará o turismo deportivo como un instrumento de reequilibrio territorial poñendo en valor turístico a citada infraestrutura.

Así, favorecerase o uso variado e flexible das instalacións deportivas existentes sumando a perspectiva turística á ambiental, paisaxística e deportiva, cuxo ámbito de influencia adquire unha nova escala para ser sede de futuras competicións.

Ribadumia está en pleno corazón do Salnés, compartindo unha área cos municipios de Vilanova de Arousa, Cambados, Meaño e Meis. Deste xeito, a Xunta e o Concello dignifican esta instalación deportiva que na actualidade está nun estado deficiente debido ao desgaste que sofre pola cantidade de equipos e afeccionados que a usan.

Segundo o acordo, as obras que se levarán a cabo consisten na desmontaxe do actual céspede artificial e do equipamento deportivo existente, a regularización do pavimento asfáltico, a limpeza do sistema de drenaxe, a instalación do novo céspede artificial e a montaxe do novo equipamento. Estas melloras favorecerán a posibilidade de organizar adestramentos, torneos e competicións máis amplos para este deporte.

O custo total da actuación ascende a máis de 267.000 euros, dos cales a Axencia de Turismo de Galicia se compromete a achegar 171.000 euros, o que supón o 64% do investimento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ 12 M€ NO PROGRAMA DE ATENCIÓN RESIDENCIAL E INTERVENCIÓN EDUCATIVA INTEGRAL DO CENTRO DE REEDUCACIÓN CONCEPCIÓN ARENAL DA CORUÑA

Concertarase ata 2029 cunha entidade social a xestión deste servizo para a atención dos menores que cumpren medidas xudiciais privativas, que conta con 35 prazas públicas

A Xunta investirá 12 millóns de euros entre este ano e 2029 no programa de atención residencial e intervención educativa integral no centro de reeducación Concepción Arenal da Coruña, destinado a adolescentes que cumpren medidas xudiciais privativas de liberdade. O Consello de hoxe acordou a convocatoria dun concerto social para a xestión deste servizo, que conta con 35 prazas públicas.

As medidas de internamento perseguen dispoñer dun ambiente coas condicións educativas axeitadas para a reintegración do menor. As actuacións que se realizan neste centro teñen como obxectivo que os mozos adquiran as habilidades sociais, laborais e educativas necesarias para a súa integración unha vez finalizada a medida xudicial, evitando a reincidencia.

O Concepción Arenal é un dos catro centros deste tipo con que conta a Xunta de Galicia, nos cales os adolescentes permanecen en réxime de internamento. Os outros tres son: Monteledo e Montefiz (en Ourense) e Avelino Montero (en Pontevedra).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 200.000 EUROS A FINANCIAR AS ACTIVIDADES DAS AULAS SÉNIOR DE ATEGAL

- Prevese que máis de 1.200 persoas maiores participen este ano nos distintos programas da entidade
- As actividades formativas comprenden catro áreas temáticas: cultural, ocupacional, de saúde e de lecer

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos (Ategal) para dar continuidade á actividade das aulas Sénior ao longo deste ano. O orzamento deste acordo é de 200.000 euros, 10.000 euros máis con respecto ao anterior, e a previsión é que máis de 1.200 persoas participen nos programas que se desenvolvan ao abeiro desta colaboración.

A través deste convenio, o Goberno galego consolida a oferta de Ategal para que persoas maiores de toda a comunidade poidan participar nas actividades que organiza esta entidade en catro áreas diferentes. Na cultural inclúense cursos de idiomas, de Historia de Galicia, de literatura ou de cine, e na ocupacional desenvólvense obradoiros de pintura, de música, de teatro, de informática ou de manexo de teléfonos móbiles e tabletas. Así mesmo, na de saúde ofrécense clases de ioga, de pilates, obradoiros de memoria ou de benestar emocional, e na área de lecer organízanse viaxes e visitas culturais a museos e exposicións, así como participacións en encontros ou congresos.

As actividades levaranse a cabo nas oito sedes de Ategal en Galicia: A Coruña, Ferrol, Padrón, Santiago de Compostela, Vigo, Ourense, Lalín e Monterroso. Ademais, compaxinarase a formación presencial con clases en liña a través da plataforma de Ategal.

Voluntariado e Aulas + Social

Así mesmo, a entidade desenvolverá dous proxectos complementarios ás aulas Sénior. Un de voluntariado sénior, en que as persoas maiores impartirán seminarios, organizarán visitas culturais, axudarán coas tarefas escolares a nenos e farán tarefas de acompañamento a outros maiores, por exemplo, a consultas médicas. O outro proxecto é Aulas + Social, nestas trabállase con maiores, familiares e profesionais dos coidados na promoción dun envellecemento activo e saudable, así como no bo trato.

Este convenio con Ategal forma parte dos programas e iniciativas que impulsa a Xunta para promocionar a participación activa das persoas maiores. Entre estas destacan os convenios coas universidades galegas, para que as persoas maiores se sigan formando e especializando naquelas disciplinas que desexan ou iniciativas de ocio activo e saudable, como son os programas Xuntos polo Nadal e Benestar en Balnearios.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ESTUDARÁ A EVOLUCIÓN DO SISTEMA DE FINANCIAMENTO AUTONÓMICO E AS POLÍTICAS PÚBLICAS DE INGRESOS E GASTOS

- Avaliaranse a súa eficacia a eficiencia para atopar vías de optimización e deseñar alternativas innovadoras
- Un convenio entre a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e a USC permitirá o desenvolvemento de actividades de estudo, investigación e difusión en materia de análise económica e financeira das políticas públicas

A Xunta estudará a evolución do Sistema de financiamento autonómico e as metodoloxías de deseño das políticas públicas de ingresos e gastos. Avaliaranse a súa eficacia a eficiencia para atopar vías de optimización e, de ser o caso, deseñar alternativas innovadoras.

O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de colaboración entre a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e a USC que permitirá o desenvolvemento de actividades de estudo, investigación e difusión en materia de análise económica e financeira das políticas públicas.

Entre as actividades que a universidade compostelá vai desenvolver ao abeiro deste acordo están, ademais da realización de estudos, publicacións e investigación aplicada sobre a evolución de Sistema de financiamento autonómico, con especial atención ao caso galego, analizar as metodoloxías de deseño das políticas públicas e a creación dun observatorio de opinión cidadá sobre as políticas públicas de ingresos e gastos, un órgano que porá o foco na participación de todos os galegos e galegas.

A EGAP achegará á USC 150.000 € polo primeiro tramo desta colaboración e os datos e estudos resultantes desta serán propiedade de ambas as partes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA UN ACORDO MARCO QUE PERMITIRÁ AUMENTAR A CAPACIDADE DE ALMACENAMENTO DOS DATOS QUE XESTIONAN TODOS OS SEUS SISTEMAS E APLICACIÓNS

- O novo equipamento dará resposta ás necesidades derivadas do incremento dos servizos dixitais
- Redundará nun mellor servizo aos cidadáns, que terán un acceso máis rápido e seguro aos datos
- O reforzo desta infraestrutura é fundamental para avanzar en iniciativas como a futura Carpeta cidadá ou as plataformas Territorio intelixente e Agroforestal

O Consello da Xunta aprobou hoxe un acordo marco para adquirir novo equipamento para o almacenamento dos datos que xeran todos os sistemas e aplicacións da Administración autonómica. O acordo prevé un investimento de ata 23 millóns de euros, que permitirá aumentar a capacidade de almacenamento actual para dar resposta ás necesidades do incremento dos servizos dixitais.

O obxectivo do acordo é modernizar un equipamento clave na xestión e custodia dos datos que manexa a Xunta, mediante a adquisición de cabinas de almacenamento, discos de alto rendemento ou directores de fibra para que os servidores teñan unha comunicación directa e de moi alta velocidade. Só entre 2022 e 2025 a capacidade de almacenamento da Xunta pasou de 4,8 Petabytes (PB) a 8,3PB. A este acordo marco pódense adherir outras entidades públicas.

Ademais de aumentar a capacidade de almacenamento, o novo sistema proporcionará un acceso rápido e fiable aos datos, unha maior seguridade na súa custodia e unha optimización dos custos e un mellor rendemento das aplicacións, o que redundará nun mellor servizo aos cidadáns.

Reforzo para iniciativas chave da dixitalización

Este acordo enmárcase dentro da estratexia da Xunta de Galicia de reforzar a súa infraestrutura tecnolóxica para responder ás necesidades actuais e futuras dunha Administración dixital.

Esta media é fundamental para avanzar en iniciativas en marcha como a creación dun nodo que concentrará nun único punto todos os datos e a información sobre os cidadáns e as súas relacións coa Administración. Isto permitirá que, nun futuro, os galegos e galegas poidan consultar a través da Carpeta cidadá da sede electrónica toda a información relativa a eles, independentemente do departamento ou unidade coa que os xestione, e actualizar os seus datos unha soa vez, evitando ter que comunicalos a diferentes departamentos.

Ademais, a ampliación da capacidade de almacenamento é esencial para dar soporte a outras actuacións que implican a xestión de grandes cantidades de datos como a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

plataforma Territorio intelixente ou a plataforma Agroforestal que, con base na sensorización do territorio, permitirán tomar decisións e comprobar os posibles efectos antes de aplicalas, facilitar a xestión da mobilidade ou prestar servizos personalizados para o sector agrícola.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ LUZ VERDE Á CONVOCATORIA DO CONCURSO DE IDEAS PARA A REHABILITACIÓN DA UI-8 E O PAZO DE DONA URRACA, NO BARRIO LUCENSE DA TINERÍA

- O concurso está dotado con tres premios de 12.000, 10.000 e 8.000 euros e ao gañador encargaráselle a redacción do plan especial e dos proxectos e dirección de obras das novas edificacións que se construírán e da rehabilitación das previstas
- O investimento total superará os 507.000 euros, resultado da suma do importe dos contratos, que inclúen o valor do primeiro premio e o importe do segundo e terceiro
- Prevese o desenvolvemento da UI-8, incluíndo a demolición dun inmovle e a construción doutros tres novos, a rehabilitación do pazo de Dona Urraca e a dos edificios número 19 e 21 da rúa Miño e 16 e 18 da rúa Falcón
- En total, prevese 16 novas vivendas: 6 nos inmovles rehabilitados e 10 de nova construción
- O obxectivo é garantir a máxima calidade arquitectónica das actuacións que se desenvolverán, de xeito que se respecte e poña en valor o patrimonio cultural existente dunha parte deste barrio, de gran visibilidade desde a muralla romana
- A Xunta segue a investir na cidade de Lugo e nomeadamente na posta en valor do barrio da Tinería, en que se levan investido máis de 26M€ na rehabilitación de 40 edificios, que albergan 96 vivendas e máis dunha vintena de locais

O Consello da Xunta vén de darlle luz verde á convocatoria do concurso de ideas para a redacción do plan especial da UI-8 e a recuperación e posta en valor do pazo de Dona Urraca, no impulso da mellora da ordenación do ámbito da contorna do barrio lucense da Tinería.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas deu conta hoxe da próxima licitación, polo procedemento de concurso de proxectos, dos contratos de servizo para a ordenación, desenvolvemento e urbanización do ámbito da UI-8 do Barrio da Tinería, para a rehabilitación do pazo de dona Urraca e edificios contiguos e para a construción das novas edificacións que se proxectarán no dito ámbito.

O concurso está dotado con tres premios de 12.000, 10.000 e 8.000 euros e ao gañador encargaráselle a redacción do plan especial e dos proxectos e dirección de obras das novas edificacións que se construírán e da rehabilitación das previstas, por un importe de preto de 490.000 euros. Deste xeito, o investimento total superará os 507.000 euros, resultado da suma do importe dos contratos, que inclúen o valor do primeiro premio, de 12.000 euros, e o importe do segundo e terceiro.

Deste xeito, o concurso está destinado á redacción do plan especial da UI-8 (espazo que queda entre o pazo e a muralla), á redacción do proxecto das obras de urbanización da UI-8 e contorno do pazo de Dona Urraca, á redacción do proxecto de rehabilitación do pazo de Dona Urraca, á redacción do proxecto de rehabilitación

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de rúa Miño 19 e 21 e rúa Falcón 16 e 18, e á redacción dos proxectos das novas edificacións incluídas no ámbito da UI-8.

Trátase de darlle o pulo definitivo a este barrio da cidade, para o que o Goberno galego considera conveniente adxudicar os proxectos correspondentes mediante o procedemento de concurso de ideas, co obxectivo de garantir a máxima calidade arquitectónica das actuacións que se desenvolvan, de xeito que se respecte e poña en valor o patrimonio cultural existente dunha parte da Tinería, que ten gran visibilidade desde a muralla romana.

En definitiva, a través deste concurso prevese o desenvolvemento da UI-8, incluíndo a demolición dun inmovble e a construción doutros tres novos, a rehabilitación do pazo de Dona Urraca, e a dos edificios número 19 e 21 da rúa Miño e 16 e 18 da rúa Falcón.

En total, prevese 16 novas vivendas: 6 nos inmobles rehabilitados e 10 de nova construción.


Coa redacción conxunta do plan especial, que ordenará o espazo, así como dos proxectos de rehabilitación, obra nova e urbanización previstos no espazo, o Goberno galego segue a folla de ruta para darlle o pulo definitivo á rehabilitación da Tinería, no marco do convenio urbanístico asinado co Concello de Lugo.

Unha vez que a Xunta teña a dispoñibilidade de todos os terreos, cos proxectos xa redactados, licitarase a execución das obras.

A Xunta segue a investir en Lugo e nomeadamente na posta en valor do barrio da Tinería, en que se levan investido máis de 26M€, o que permitiu rehabilitar 40 edificios, que albergan 96 vivendas e máis dunha vintena de locais.

Plano de planta do ámbito das actuacións

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA UNHA NOVA ÁREA REXURBE DE GALICIA EN OURENSE, CO FIN DE DINAMIZAR E POÑER EN VALOR O SEU CONXUNTO HISTÓRICO E A SÚA CONTORNA

- O ámbito da citada área comprende practicamente a totalidade do conxunto histórico-artístico e unha zona situada entre o núcleo antigo e o río Barbaña, e conta con 3.881 habitantes, que representa o 8,8% do total do municipio
- Trátase de fomentar a rehabilitación e rexeneración, con especial énfase nos inmobles en ruínas, mellorar as conexións co resto da cidade, impulsar a actividade económica tanto para a poboación residente como a turística e contribuír á cohesión social
- Esta declaración será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e debe aprobarse o plan de dinamización, que ten que elaborar o Concello para coordinar as actuacións públicas e privadas destinadas á rexeneración destes ámbitos
- Con esta declaración da área Rexurbe en Ourense xa son 10 os conxuntos históricos con esta figura: Mondoñedo, A Coruña, Ribadavia, Tui, Ribadeo, Ferrol, Betanzos, Monforte de Lemos e Baiona
- A zona histórica de Ourense está declarada Área de rehabilitación integral e actualmente hai 3 convenios en execución co Concello, por importe de case 855.000 €

O Consello da Xunta autorizou hoxe a declaración en Ourense da área Rexurbe de Galicia, que comprende practicamente a totalidade do conxunto histórico-artístico de Ourense, e unha zona situada entre o núcleo antigo e o río Barbaña.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas deu conta hoxe da declaración desta nova área, que ten como obxectivo facilitar a rehabilitación de vivendas e obras de urbanización e reurbanización, repercutindo sobre as condicións de vida dos veciños, mellorándoas.

O ámbito da citada área consta dunha superficie de 0,195 Km², 3.881 habitantes, que representa o 8,8% do total do municipio; 1.065 edificios, que suman 3.121 vivendas, e 960 locais comerciais.

As áreas Rexurbe son zonas de intervención no medio urbano que, polas súas especiais características, precisan dunha maior implicación da Administración autonómica e local para revitalizar o seu ámbito.

O obxectivo é manter e mellorar as dinámicas e servizos do conxunto histórico como espazo central, contribuíndo a dinamizar a zona e a mitigar o despoboamento, a través do fomento da mellora da habitabilidade das vivendas e das condicións de vida das persoas residentes, na procura de atraer novos habitantes e a garantía da conservación dos valores patrimoniais do conxunto e dos seus elementos singulares.

Trátase de fomentar a rehabilitación e rexeneración, con especial énfase nos inmobles en ruínas, mellorar as conexións co resto da cidade, impulsar a actividade económica tanto para a poboación residente como a turística e contribuír á cohesión social.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta declaración deberá ser publicada no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e posteriormente debe aprobarse o plan de dinamización, que ten que elaborar o concello para coordinar as actuacións públicas e privadas destinadas á rexeneración destes ámbitos.

Ademais, o Concello de Ourense deberá contar cun centro de rexeneración urbana de interese autonómico (centro Rexurbe), que será o punto de información, asesoramento, xestión, seguimento e difusión da área Rexurbe, co obxectivo de impulsar as actuacións de recuperación, rexeneración e dinamización da área.

Posteriormente á declaración da área Rexurbe, o Concello deberá elaborar un plan de dinamización, que é o instrumento de planificación que formulará un programa plurianual referido á totalidade do ámbito ou a algunhas das súas áreas, en que se integran actuacións a nivel arquitectónico dirixidas a fomentar as políticas de rehabilitación de edificios e de vivendas e a mellora do espazo público con outras a nivel económico e social.

Con esta declaración da área Rexurbe en Ourense xa son 10 os conxuntos históricos declarados que contan con esta figura: Mondoñedo, A Coruña, Ribadavia, Tui, Ribadeo, Ferrol, Betanzos, Monforte de Lemos e Baiona.

Área de rehabilitación

Cómpre lembrar que o núcleo histórico de Ourense foi declarado Área de rehabilitación integral (ARI) e quedou incluída unha gran parte da delimitación da área Rexurbe na ARI. Actualmente hai 3 convenios en execución no conxunto histórico de Ourense, por importe de preto de 855.000 euros, dos que xa están xustificadas por parte do Concello algo máis de 452.000 euros.

Tamén o Concello de Ourense foi beneficiario da repartición das axudas do programa de Barrios realizado en 2023, cun importe total de 2M€, dos cales corresponderon 759.800 € ao conxunto histórico da cidade.

Ademais, a Xunta, a través do programa Rexurbe, adquiriu un total de 6 inmobles na cidade, situados nas rúas Pelayo 9, Manuel Sueiro 3, Liberdade 28, Cervantes 29, e Colón, 8 e 16. E tamén se rehabilitaron 3 inmobles cedidos polo Concello de Ourense situados na rúa Vilar, nos números 1, 3 e 5 (estes dous últimos nun único edificio).

Delimitación da área Rexurbe hoxe declarada:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA A REFORMA DA LEI DE SAÚDE DE GALICIA NO MARCO DO PLAN DE MEDIDAS PARA PROTEXER DAS AGRESIÓNS O PERSOAL DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- Trátase de prever a aparición de capítulos de violencia e condutas que poñan en risco a integridade dos profesionais e dos usuarios do Servizo Galego de Saúde
- Iníciase a tramitación da reforma da Lei de saúde para permitir que a Administración actúe de oficio ante calquera tipo de agresión, para crear un rexistro galego de actos de violencia no ámbito sanitario e para regular un código sancionador
- O Servizo Galego de Saúde prestará axuda psicolóxica e asesoramento xurídico ao persoal que sexa vítima dun acto de violencia no ámbito laboral sanitario
- A reforma da Lei de saúde incluírá un capítulo específico para protexer os profesionais da sanidade pública que inclúe o deber de ofertar formación na materia
- Entre os meses de abril e setembro desenvolveranse 24 cursos formativos aos que poderán asistir máis de 4.100 profesionais do Servizo Galego de Saúde
- A Consellería de Sanidade impulsa a creación dun grupo de traballo cos diferentes axentes implicados para a revisión dos protocolos actuais e a ampliación da presenza do botón de alerta da plataforma Acude para actuar ante eventos de risco

O Consello da Xunta acordou hoxe a modificación da Lei de saúde de Galicia no marco dun plan de medidas para evitar as agresións e protexer o persoal do Servizo Galego de Saúde.

Nos últimos anos, o persoal do Servizo Galego de Saúde foi vítima de diferentes agresións de tipo físico e verbal. Esta conxuntura provoca a necesidade de revisar os protocolos existentes e adoptar novas medidas para atallar e evitar, no posible, a aparición de novos capítulos de violencia ou condutas que poñan en risco a integridade dos profesionais do Servizo Galego de Saúde.

A Xunta de Galicia quere elevar a protección dos profesionais ao máximo rango legal e, con ese fin, acordou hoxe o inicio da tramitación da reforma da Lei 8/2008, de saúde de Galicia, para incorporar un capítulo específico destinado a reforzar e prever a violencia no sistema sanitario público galego.

A modificación legal establecerá que as xerencias das áreas sanitarias deberán comunicar de oficio todos os casos de agresión dos que teñen coñecemento á Fiscalía Superior de Galicia para o inicio de accións penais, con independencia de que exista ou non denuncia por parte da persoa agredida. Ademais, a Asesoría Xurídica da Xunta comparecerá nos procedementos penais por delitos de atentado ao persoal do Servizo Público de Saúde.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nos supostos en que as infraccións puidesen ser constitutivas de delito, o Servizo Galego de Saúde comunicarao ao Ministerio Fiscal e, nos casos en que non se considere a existencia de infracción penal, a Administración iniciará ou continuará, de ser o caso, o procedemento sancionador, tomando como base os feitos declarados probados polos tribunais.

A reforma legal suporá, tamén, a creación do Rexistro Galego de Actos de Violencia Externa no ámbito sanitario, en que se inscribirán e rexistrarán todos actos de violencia notificados ao Ministerio Fiscal.

Igualmente, impulsarase un Plan de prevención contra a violencia no ámbito sanitario que efectúe unha avaliación integral do risco de danos por violencia en función de factores relevantes en cada centro, medidas específicas que sexa preciso implantar, obriga de facilitar formación e información na materia.

O Servizo Galego de Saúde poñerá á disposición do persoal do Sistema público de saúde de Galicia que fose vítima dun acto de violencia no ámbito sanitario un servizo específico encargado de prestar o apoio psicolóxico que en cada caso se precise.

Tamén se lle facilitará asesoramento, a través da Asesoría Xurídica do Servizo Galego de Saúde, das accións e denuncias a que ten dereito sen prexuízo de que a Administración compareza como acusación particular nas causas penais abertas con ocasión de actos de violencia sanitaria sufridos polo seu persoal durante o tempo de traballo.

Introdúcese como un deber legal ofrecer formación específica ao persoal do Sistema público de saúde de Galicia para facer fronte a situacións de emerxencia provocadas por condutas violentas e desafiantes e para coñecer os mecanismos e técnicas de autocontrol ante agresións físicas.

Finalmente, a reforma da Lei de saúde inclúe a modificación do capítulo de infraccións e sancións para dar un tratamento específico e distinto para as agresións e demais actitudes violentas, de xeito que se individualicen, tipifiquen e sancionen de maneira individualizada e singularizada de acordo coa súa gravidade.

Ademais de impulsar esta reforma da Lei, a Consellería de Sanidade promove outras medidas para frear as agresións ao persoal no ámbito sanitario. Entre elas, está a creación dun grupo de traballo multidisciplinar que se encargará da revisión e mellora dos actuais protocolos vixentes referidos ás agresións contra os sanitarios. Este equipo estará conformado por colexios profesionais, xestores sanitarios, persoal do 061 e emerxencias, así como por membros das forzas e corpos de seguridade de Estado.

Ademais, adiantarase xa a formación para os profesionais, de forma que entre os meses de abril e setembro deste ano se desenvolverán xa 24 cursos formativos aos que poderán asistir máis de 4.100 profesionais do Servizo Galego de Saúde.

Xunto con isto, está prevista a apertura de novos espazos na Plataforma Acude, a ferramenta tecnolóxica que permite aos profesionais sanitarios xerar alertas ante

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

situacións de risco e que actualmente está instalada en 15.700 computadoras. En concreto, está previsto que este servizo se estenda aos dispositivos móbiles do persoal dos servizos de urxencias.

Tamén se valorarán medidas nos espazos físicos de atención aos pacientes ou naqueles que poidan estar máis tensionados, como videovixilancia nos corredores e salas de espera dos servizos de urxencias ou de admisión.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA INCREMENTA ATA OS 70.000 EUROS A SÚA ACHEGA Á ORGANIZACIÓN DOS PREMIOS MESTRE MATEO DO AUDIOVISUAL

- O Consello autoriza a sinatura do convenio coa Academia Galega do Audiovisual para o desenvolvemento destes galardóns, que aumenta nun 16% a súa dotación respecto a 2024
- Entregaranse o vindeiro 15 de marzo en Lalín, nunha gala presentada por Teté Delgado e coa música en directo de Baiuca
- As longametraxes finalistas, así como varias das curtas e series candidatas, contaron para a súa realización con subvención do Goberno galego no marco do programa anual de axudas ao sector

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio anual entre o Goberno autonómico e a Academia Galega do Audiovisual, en virtude do cal a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude contribúe con 70.000 euros á organización da 23ª edición dos Premios Mestre Mateo. A dotación desta colaboración increméntase nun 16% respecto a 2024, reforzando así o apoio a estes galardóns e ao seu papel como plataforma desde a que compartir coa sociedade a capacidade e calidade dun sector que está a obter tamén numerosos recoñecementos no nivel internacional.

O Lalín Arena acollerá o vindeiro 15 de marzo a gala de entrega dos XXIII Mestre Mateo, que por vez primeira se celebra fóra do circuíto habitual dos grandes núcleos urbanos. Baixo o lema *O audiovisual en movemento*, a bailarina e coreógrafa Marta Alonso dirixirá este evento, que conducirá a actriz e presentadora Teté Delgado con guión da tamén actriz Carlota Mosquera e do actor Manolo Cortés. Baiuca poralle a banda sonora con música en directo.

Os premios da Academia Galega do Audiovisual, colectivo que agrupa máis de 450 profesionais de diferentes ámbitos artísticos e técnicos deste sector, poñen o foco nos máis destacados traballos de 2024 en 25 categorías.

Producións con axuda autonómica

Nesta 23ª edición, a serie *Rapa* e as longametraxes *As Neves*, *Honeymoon* e *+ Cuñados* copan unha gran parte das opcións a premio con 40 candidaturas. Tanto estas tres longas como o resto das finalistas (*Aurora*, *Filmei paxaros voando*, *Prefiro condenarme*, *Salvaxe*, *salvaxe*, *Xustiza artificial* e *Tratamos demasiado bien a las mujeres*) contaron para a súa realización con subvención da Xunta de Galicia a través das convocatorias anuais de axudas ao sector, no marco das que tamén se apoiaron a serie *Bibopalula* e as curtas *Platónico*, *platónica*, *Pura*, *Véxote* e *Eu vou comigo*.

O desenvolvemento dos Premios Mestre Mateo coincide temporalmente coa posta en marcha doutras dúas destacadas convocatorias de galardóns culturais, que contan igualmente coa implicación económica e institucional da Consellería de Cultura, Lingua e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Xuventude: os María Casares de teatro, que outorga a Asociación de Actores e Actrices de Galicia, e os Martín Códax da asociación Músicas ao Vivo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA A IGUALDADE LABORAL CUN DECRETO QUE REGULA A CERTIFICACIÓN GALEGA DE EXCELENCIA NESTE EIDO EN EMPRESAS E ENTIDADES DO TERCEIRO SECTOR

- O Consello de Goberno analizou hoxe o texto desta futura normativa que remitirá ao Consello Consultivo de Galicia para o seu ditame tras completar unha rigorosa e exhaustiva tramitación que incluíu, entre outros, levalo ao diálogo social cos axentes implicados para consensualo
- Este certificado recoñecerá aquelas empresas ou entidades do terceiro sector que destaquen na aplicación das políticas de igualdade para a equiparación laboral entre mulleres e homes e está recollido na lei autonómica que regula estes aspectos
- Con este desenvolvemento normativo crearase e regularase o Rexistro das empresas e entidades do terceiro sector recoñecidas coa Certificación galega de excelencia en igualdade, adscrito á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración
- Entre os requisitos que establecerá para a obtención do distintivo están ter un plan de igualdade negociado e rexistrado e ter implantadas como mínimo o 25% das súas medidas, así como a aplicación de criterios igualitarios de retribución
- Esta medida enmárcase nas actuacións do Executivo autonómico en prol da igualdade laboral entre mulleres e homes que contribúen a feitos como o récord de mulleres afiliadas en 2024 en Galicia reflectido nun informe tamén analizado hoxe no Consello

O Consello da Xunta analizou hoxe o texto do proxecto de decreto polo que se regulan a Certificación galega de excelencia en igualdade e o Rexistro de empresas e entidades do terceiro sector -estas últimas, organizacións privadas sen ánimo de lucro- recoñecidas con este distintivo e remitirao ao Consello Consultivo de Galicia para o seu ditame. Faino tras completar unha rigorosa tramitación que incluíu, entre outros, levalo ao diálogo social cos axentes implicados para consensualo. Deste xeito, coincidindo coa semana en que se conmemora o Día Internacional das Mulleres, avanza no desenvolvemento regulamentario deste distintivo recollido na Lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia. Este certificado recoñecerá aquelas empresas ou entidades do terceiro sector que destaquen na aplicación das políticas de igualdade para a equiparación laboral entre mulleres e homes. Neste sentido, o futuro decreto establece unha vixencia de catro anos contados a partir da data de notificación da resolución de concesión.

Nel tamén figurarán os requisitos, condicións e criterios de igualdade, o procedemento para a obtención e renovación da Certificación galega de excelencia por parte das empresas e entidades do terceiro sector, así como os dereitos e obrigas derivados da concesión deste distintivo por parte da Administración galega. Ademais, con este desenvolvemento normativo crearase e regularase o Rexistro das empresas e entidades do terceiro sector recoñecidas coa Certificación galega de excelencia en igualdade, adscrito á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Serán obxecto de inscrición as concesións iniciais do distintivo e as súas renovacións, así como a súa perda e suspensión.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Requisitos e solicitudes do certificado

En relación cos requisitos para obter a Certificación galega de excelencia en igualdade, o futuro decreto establecerá como requisitos, entre outros, que as entidades solicitantes contén cun mínimo de 6 persoas traballadoras en Galicia, cun plan de igualdade negociado e rexistrado no Rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo, ter implantadas, como mínimo, o 25% das medidas programadas no plan, así como acreditar unha presenza equilibrada de mulleres e homes no consello de administración.

Por outra banda, para poder optar ao distintivo, requirirase unha serie de condicións como a existencia dunha formación mínima de oito horas en igualdade laboral para as persoas que representan á empresa na comisión negociadora e na comisión de seguimento do plan ou a implantación de medidas que garantan a aplicación de criterios igualitarios de retribución e unha adecuada valoración de postos de traballo.

Entre os dereitos que implicará posuír este distintivo destaca a vantaxe na valoración para a obtención de subvencións, así como no ámbito da contratación pública, en que poderá ser un criterio de desempate entre dúas ou máis ofertas cando así o establezan os pregos. A maiores, o texto sinala que a concesión desta certificación será compatible co outorgamento doutros distintivos concedidos por outras administracións públicas.

Firme aposta pola igualdade laboral

Con este desenvolvemento normativo, o Goberno galego continúa promovendo a igualdade laboral entre mulleres e homes. Con este fin é necesario seguir afianzando a presenza da muller no mercado laboral e para iso a Xunta de Galicia impulsa medidas estratéxicas neste campo, no marco das súas políticas activas de emprego. Entre elas destaca o Galicia Emprega, dotado cun orzamento global de 20M€ para favorecer a empregabilidade de colectivos prioritarios. A convocatoria conta cunha liña específica para mulleres (7M€) e outra adicional que o Executivo galego puxo en marcha o pasado ano de xeito pioneiro para promover a presenza feminina en sectores masculinizados (1,7M€).

Estas medidas contribúen a feitos como que Galicia rexistrou no 2024 o máximo pico de mulleres afiliadas das serie histórica, con 533.647 persoas, e a menor taxa de paro desde 2008. Ademais, a nosa comunidade ocupa o 2º posto en España de proporción de mulleres cotizantes respecto do total de afiliacións, superando en dous puntos o Estado. Así o reflicte o informe *As mulleres no mercado de traballo do ano 2024*, un documento abordado hoxe tamén no Consello da Xunta e elaborado polo Observatorio de Prospectiva do Mercado de Traballo, que analiza diferentes variables que inciden na estrutura do mercado laboral feminino e os principais parámetros que miden a temperatura da súa realidade socioeconómica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA LICITA POR 400.000 EUROS AS OBRAS DE REHABILITACIÓN DA PONTE DE ACCESO Á ILLA DAS GORITAS, NO PORTO DE CAMBADOS

- Os traballos permitirán aumentar a vida útil desta infraestrutura e manter a súa capacidade coa reparación das zonas que presentan corrosión
- Os documentos e pregos do concurso están dispoñibles desde hoxe na Plataforma de contratos de Galicia, no perfil do contratante e na páxina web oficial de Portos de Galicia

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, iniciou hoxe o procedemento de licitación pública das obras de rehabilitación e aumento da vida útil do acceso á illa das Goritas, no porto de Cambados. O conselleiro do Mar, Alfonso Villares, deu traslado ao Consello da Xunta do inicio da licitación cun orzamento base de 408.000 euros, IVE incluído.

Os documentos e pregos do concurso están dispoñibles para os interesados na Plataforma de contratos de Galicia, no perfil do contratante e na páxina web oficial de Portos de Galicia, www.portosdegalicia.gal. Os licitadores terán de prazo 26 días naturais para presentar as súas ofertas.

As obras permitirán recuperar anos de vida útil da ponte das Goritas, no porto de Cambados, e manter a súa capacidade inhibindo a corrosión que presenta en zonas da estrutura e vigas. Para iso os traballos que se deberán executar serán a reposición da viga 4 do van 3 da ponte e a limpeza, saneo, reconstrución con morteiro e aplicación de inhibidor de corrosión e morteiro de impermeabilización elástico sobre toda a superficie do formigón.

O prazo de execución dos traballos, unha vez iniciada a obra, será de 6 meses e con esta actuación Portos de Galicia mellorará o tránsito rodado de vehículos e maquinaria pesada cara á explanada e aos pantaláns das Goritas, en Cambados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MÁIS DE 337.500 PERSOAS USUARIAS DA TARIFA +65 E DA TARXETA XENTE NOVA BENEFÍCIANSE DE 60 VIAXES GRATIS AO MES

- O Consello da Xunta avaliou hoxe os informes de balance de 2024 de ambas as medidas dirixidas a maiores de 65 anos e menores de 21
- O Goberno galego ampliou este ano as dúas bonificacións, o que supón un investimento superior aos 17 millóns de euros neste 2025
- A achega da Administración autonómica ao pagamento das viaxes gratuítas destas iniciativas sitúase arredor dos 33,5M€ desde que en 2016 se puxo en marcha á TXN, e á que se sumou en 2024 a tarifa +65

O Consello da Xunta avaliou na xuntanza de hoxe dous informes de balance de 2024 da Tarxeta Xente Nova (TXN) e da tarifa +65, das que actualmente se benefician máis de 337.500 persoas. En concreto, existen case 189.000 tarxetas en Galicia para as persoas menores de 21 anos e están activas outras 148.500 para as persoas maiores de 65 anos.

A través de ambas as medidas facilítanselles aos colectivos beneficiarios ata 60 viaxes de balde ao mes no autobús interurbano, no transporte marítimo da ría de Vigo e no ferrocarril de proximidade na área de Ferrol. A Xunta manterá as dúas bonificacións neste 2025, o que suporá un investimento que supera os 17 millóns de euros, 3 millóns máis que o ano pasado. Ademais, o pagamento por parte da Administración autonómica das bonificacións das viaxes correspondentes á TXN desde a súa implantación hai oito anos e á tarifa +65 posta en marcha desde xaneiro de 2024 sitúase arredor dos 33,5 millóns de euros.

As dúas iniciativas enmárcanse no Plan de transporte público de Galicia, unha ferramenta de referencia no resto das comunidades e que supón un investimento anual de 150 millóns de euros, incluíndo o transporte interurbano, adaptado e escolar.

No que se refire á tarifa +65, posta en marcha a comezos de 2024, sumou no seu primeiro ano en funcionamento máis de 148.500 persoas usuarias. Esta iniciativa facilita o acceso das persoas de máis de 65 anos a servizos esenciais como a sanidade pública, e tamén os seus desprazamentos para xestións, compras e lecer.

Sobre a evolución da demanda, o informe recolle que as persoas maiores de 65 anos realizaron máis de 3,1 millóns viaxes gratuítas no ano 2024. Ademais, rexístrase unha tendencia crecente no uso do transporte público polos beneficiarios da tarifa +65, cunha demanda mensual que acadou o seu máximo valor no mes de xullo e outubro con 288.500 e 284.100 viaxes, respectivamente. A Xunta investiu no pagamento da bonificación destas viaxes máis de 4,8 millóns de euros, unha contía que os usuarios da tarifa puideron aforrar neste período.

Destaca o número de viaxes en que se aplicou a tarifa +65 en transportes que non son de titularidade da Xunta e que están integrados nas áreas de transporte metropolitano, que representan o 7% do total. Grazas a esta integración, as persoas maiores de 65 anos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

realizaron entre xaneiro e decembro máis de 63.000 viaxes gratuítas en autobuses urbanos nas cidades en que se bonifican os transbordos metropolitanos (A Coruña, Lugo e Santiago), e case 157.000 viaxes no transporte marítimo da ría de Vigo.

A gratuidade do transporte público para as persoas maiores de 65 anos aplícase a través da Tarxeta de Mobilidade de Galicia desde o 1 de xaneiro de 2024, polo que a activación da tarifa +65 reforzou o seu uso como principal forma de pagamento no transporte público autonómico. A emisión de tarxetas a maiores de 65 anos rexistrou un incremento de case o 35% no 2024, ata acadar as case 150.000 tarxetas en decembro de 2024.

Por outra parte, canto á Tarxeta Xente Nova, o informe recolle que, ao longo de 2024, se emitiron máis de 25.600 novas TXN, polo que na actualidade esta iniciativa pioneira da Xunta para o fomento do transporte público permite viaxar de balde en toda Galicia a máis de 188.900 menores de 21 anos, un 16% máis que no exercicio anterior, con máis de 25.000 novas tarxetas.

Así, o ano pasado, os menores de 21 anos realizaron máis de 6,8 millóns de viaxes gratuítas, un 8% máis que en 2023. Cómpre lembrar que en 2023 xa se marcara máximo anual, con máis de 6 millóns de viaxes gratuítas para os máis novos, o dato máis elevado desde que se puxo en marcha a tarxeta e incrementándose un 24% con respecto ao exercicio anterior. Estas viaxes gratuítas supuxeron un aforro de 12 millóns de euros.

No referente ás idades dos novos usuarios, en 2023 os mozos e mozas de entre 15 e 18 anos adquiriron máis da metade das tarxetas Xente Nova, con case 15.000 altas novas, mentres que no ano 2024 a franxa de idade en que se expediron máis dispositivos foi dos 14 aos 18 anos, con máis de 15.700, consolidando así a tendencia pola que os beneficiarios acceden a esta medida cada vez en idades máis temperás.

O obxectivo desta medida, posta en marcha pola Xunta en 2016 e que non deixou de medrar desde entón, é contribuír á economía familiar e facilitarlle á mocidade o acceso a servizos básicos ao tempo que se fomenta o transporte público e unha mobilidade sustentable nesta franxa de idade. Desde a súa creación en 2016 ata finais de 2024, o investimento da Xunta para compensar a bonificación dos máis de 28,6 millóns de viaxes pagadas con esta tarxeta acada os 28,8 millóns de euros.

A Xunta avanza no desenvolvemento tecnolóxico para que as persoas usuarias poidan levar esta tarxeta directamente no teléfono móbil, o servizo de QR Xente Nova, o que elimina a necesidade do cartón físico, de ter saldo e de recargar no caixeiro. Neste momento, esta funcionalidade atópase nunha fase piloto e pode empregarse en diferentes liñas das provincias de A Coruña, Pontevedra e Ourense.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INSISTE EN QUE A SAÍDA SUR DE VIGO PARA A CONEXIÓN DE ALTA VELOCIDADE CON PORTUGAL SE DEMORARÍA ATA POLO MENOS 2034 POLA FALTA DE AVANCES NA TRAMITACIÓN POR PARTE DO GOBERNO CENTRAL

- O Consello da Xunta avaliou os prazos dos trámites pendentes, incompatibles co horizonte anunciado polo Goberno para 2030
- O Executivo autonómico demanda un calendario e un programa de investimentos claros, así como o compromiso coa execución da conexión da terminal ferroviaria de Bouzas

O Consello da Xunta avaliou hoxe os prazos pendentes na execución da conexión de alta velocidade entre Galicia e o norte de Portugal, concretamente en relación coa saída sur de Vigo, que se demoraría polo menos ata 2034 ante a falta de avances na tramitación por parte do Goberno central. O Goberno galego insistiu novamente en que os trámites pendentes fan incompatible a execución desta infraestrutura prioritaria co horizonte inicial de 2032 establecido polo Goberno central e, especialmente, co posterior anuncio de que estará rematada en 2030.

A Xunta avaliou o *Informe sobre a conexión de alta velocidade ferroviaria Vigo-Porto* ante a preocupación polo evidente atraso que acumula a saída sur de Vigo ata O Porriño, cuxo estudo informativo, que debería estar rematado o pasado decembro, se anunciou recentemente para antes do próximo verán. Ademais, a partir dese trámite, haberá que proceder á tramitación ambiental, que suporá outros 18 meses, e á contratación e execución do proxecto construtivo, que pode prolongarse a tres anos. A seguir, farían falta entre cinco e seis anos máis para a licitación e execución das obras, dada a súa complexidade.

Segundo estas estimacións, non sería posible, polo tanto, a promesa do Goberno central de conectar Galicia co norte de Portugal en 2032, e moito menos en 2030, que se alcanzaría nos anos 2034 ou 2035. Por este motivo, desde a Xunta insístese na demanda dun calendario claro e dun programa de investimentos para a saída sur de Vigo, imprescindible para darlle continuidade ao eixo atlántico ferroviario.

Desde o Goberno galego lémbrese tamén a necesidade de engadir o ramal que conecte coa terminal marítima de Bouzas, tal e como se demanda desde o porto de Vigo e desde os sectores produtivos galegos, baixo a premisa da total integración na cidade.

Cómpre lembrar que na última presentación do Plan director do Corredor Atlántico por parte do secretario de Estado de Transportes e Mobilidade Sostible seguiu sen se dar detalle das actuacións nin dos prazos. Nela incluíse a saída sur de Vigo, en fase de planificación, sen mencionar a conexión con Bouzas, polo que non queda claro se se terá en conta.

Faltaría tamén saber da materialización do seguinte treito para a conexión con Portugal, entre O Porriño e a fronteira portuguesa, que non sumou ningún avance nos últimos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

catro anos e do que o secretario de Estado asegurou que se estaría lanzando o estudo informativo neste primeiro trimestre de 2025.

Ademais, cómpre lembrar que, unha vez executados estes dous tramos, o Goberno de España e Portugal deben negociar a construción e o financiamento dunha nova ponte internacional, un proxecto do que tampouco se ten información.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE O PLAN DE AXILIZACIÓN DA XUNTA PERMITE AUMENTAR UN 24% OS EXPEDIENTES DE DEPENDENCIA RESOLTOS E UN 57% AS RESOLUCIÓN DE DISCAPACIDADE

- O Consello da Xunta avaliou un informe sobre os dous primeiros meses de aplicación do plan que inclúe a posta en marcha de catro novas “xefaturas de servizo discapacidade” e “o reforzo do persoal” da área de dependencia
- A conselleira de Política Social e Igualdade indica que a previsión é finalizar o trimestre con “20.000 expedientes” resoltos
- Asegura que “o 70% do persoal dos servizos de dependencia e discapacidade amosaron a súa disposición a participar no plan de incentivos”.
- En canto á mellora da coordinación sociosanitaria, estase elaborando un protocolo de colaboración co Sergas, que será asinado proximamente e que permitirá cruzar toda a información necesaria para o expediente

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou hoxe a efectividade do Plan de axilización e simplificación dos trámites de dependencia e discapacidade, impulsado pola Consellería de Política Social e Igualdade e que foi posto en marcha en xaneiro. Tal e como explicou, os datos dos primeiros dous meses en vigor revelan que “as resolucións emitidas sobre o grao de discapacidade aumentaron case un 60% -respecto do mesmo período do ano anterior- e un 24% os expedientes resoltos sobre dependencia”

En concreto, o informe indica que desde xaneiro se resolveron 3.563 expedientes de dependencia, o que supón un 24% máis que no mesmo período do ano anterior. A estimación é que ata o 31 de marzo se poidan resolver 3.500 expedientes máis. Ademais, neste tempo emitíronse 4.555 resolucións de recoñecemento do grao de discapacidade, un 57% máis que no mesmo período de 2024. A previsión é que ao longo do mes de marzo se resolvan 2.345 expedientes máis.

Este impulso ás valoracións débese, en gran medida tal e como explicou a conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García, “á redución ao máximo dos trámites” ao introducir o novo modelo de solicitude conxunta que xa está operativo desde o mes de xaneiro. Con este modelo só é necesario presentar a solicitude para iniciar o procedemento.

Outro dos indicadores do avance deste plan é que desde o mes de xaneiro se emitiron por homologación 6.028 novas resolucións de recoñecemento ou de revisión do grao de discapacidade a persoas con dependencia.

Así pois, a conselleira indicou que “a previsión é rematar o primeiro trimestre deste ano con máis de 7.000 expedientes de dependencia resoltos e outros 13.000 de discapacidade, o que suman un total de 20.000”.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No relativo ao persoal, Rueda lembrou que “se crearon as xefaturas de servizo de discapacidade nos catro departamentos territoriais e reforzouse a área de dependencia” con 11 profesionais. Ademais destas novas incorporacións, mantéñense ata o 2027 os plans de reforzo de persoal para as valoracións, que suman máis de 100 profesionais que continúan prestando os seus servizos.

O plan tamén incluía a realización de formación específica tanto para o persoal da consellería como para o dos centros de saúde e dos concellos. Neste momento, xa se realizaron cursos presenciais para os profesionais dos equipos de valoración das catro provincias. E tamén se desenvolveron seis sesións formativas dirixidas especificamente aos servizos sociais comunitarios e de saúde en que participaron 870 profesionais. Ademais, estanse a desenvolver seminarios web para persoal administrativo e terapeutas ocupacionais.

Plan de produtividade e mellora da citación

Tamén no eido do persoal, comezou a implantación do plan de produtividade con incentivos económicos, que está a ter boa acollida. De feito, García indicou que aproximadamente “o 70% dos profesionais dos servizos de dependencia e discapacidade amosaron a súa disposición a participar neste plan”.

Outro dos piares do plan posto en marcha en xaneiro é a mellora das citas. Para optimizar este servizo, implantouse un sistema de citación automática a través de mensaxes no móbil co obxectivo de axendar as citas de maneira consensuada coas familias. Nos dous primeiros meses de aplicación, “máis do 60%” -segundo explicou Rueda- das persoas que recibiron a mensaxe nos seus móbiles confirmaron ou modificaron a cita.

En canto á mellora da coordinación sociosanitaria, estase a elaborar un protocolo de colaboración co Sergas, que será asinado proximamente e que permitirá cruzar toda a información necesaria para o expediente. A principal vantaxe para o usuario é que se elimina o paso de acudir ao médico de cabeceira para solicitar o informe de saúde, que pode ser solicitado de oficio polos servizos de dependencia.

O plan tamén reforza o papel dos servizos sociais comunitarios, reducindo as súas tarefas administrativas e burocráticas para que se poidan centrar no asesoramento e atención directa ás persoas.

Por último, reforzouse a atención preferente co establecemento de tres vías prioritarias para os maiores de 80 anos ou persoas que sofren enfermidades como a ELA. Ademais, a conselleira resaltou que tamén se outorga automaticamente e sen pasar por valoración “o grao III de dependencia ás persoas con Párkinson en grao 5, con cánceres terminais, persoas encamadas ou que padezan tetraplexía”.

O informe elevado hoxe ao Consello é a primeira avaliación do Plan de axilización e simplificación dos trámites de dependencia e discapacidade, impulsado pola Consellería de Política Social e Igualdade e que comezou a aplicarse en xaneiro de 2025. O obxectivo deste plan, en que o Goberno galego inviste 90 M€, é resolver as solicitudes nun prazo máximo de seis meses.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O plan conta con sete eixos principais: reducir ao máximo a burocracia, fixar un procedemento conxunto que aforre tempos e trámites, a mellora da xestión das citas, a optimización da xestión administrativa, o reforzo do papel dos servizos sociais, o establecemento dun protocolo de colaboración entre Política Social e o Sergas e a posta en marcha dun plan de formación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A NOVA ESTRATEXIA DE INTERNACIONALIZACIÓN DA XUNTA PREVÉ REDUCIR A MÍNIMOS O IMPACTO DOS ARANCEIS DE ESTADOS UNIDOS NAS EXPORTACIÓNS GALEGAS

- Rueda anuncia a posta en marcha dun “observatorio de vixilancia” na antena do Igape en Miami para ofrecer asesoramento as empresas galegas e avaliar os gravames
- Unhas 300 compañías galegas poderían verse afectadas polos novos aranceis, mentres que as vendas a ese país se reducirían, no peor dos escenarios, en 200M€, o que representa o 0,6 % do volume total de exportacións
- Salienta que a implantación de aranceis tería un efecto “moi limitado” na economía galega xa que as vendas a EEUU representan só o 2,6 % do comercio exterior de Galicia
- A nova estratexia inclúe mesas de traballo con clústeres e diferentes sectores económicos na procura de recoller as necesidades e demandas do tecido empresarial e responder os novos retos globais
- O presidente resalta que o acordo Mercosur-UE impulsará a integración comercial e permitirá consolidar mercados clave como Brasil -onde o Igape activará unha nova oficina- e Arxentina, creando novas oportunidades de negocio para industrias esenciais da economía galega

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou hoxe que o Goberno autonómico xa traballa no deseño da nova Estratexia de internacionalización da empresa galega 2026-2030, a folia de ruta para seguir potenciando a saída ao exterior das empresas galegas e que inclúe medidas para que o tecido produtivo afronte mellor os retos do futuro máis inmediato.

Entre elas, Rueda salientou a posible implantación de aranceis por parte de Estados Unidos ao produtos doutros países. Nesta liña lembrou que, na actualidade, hai “un millar de empresas galegas que exportan aos EEUU, das que 350 o fan de forma regular”, pero os datos globais indican que as vendas a ese país “só representan o 2,6% do total de exportacións de Galicia, uns 800 millóns de euros ao ano”.

Por iso, o presidente indicou que a previsión é que “o efecto de posibles aranceis sexa limitado na economía galega”. De feito, as análises realizadas nun informe hoxe avaliado polo Consello indican que no peor dos escenarios, as vendas de Galicia cara EEUU se reducirían en 200 millóns de euros, o que representa o 0,6% do volume de exportacións en 2024 cando se acadou un novo récord ao superar os 31.000 millóns de euros.

Dentro das empresas galegas que exportan a EEUU, os sectores máis representados son, por esta orde, os seguintes: produtos industriais (161), bebidas (104), bens de consumo (60), mentres que o resto das vendas realizadas corresponden ao sector agroalimentario, o que reflicte unha base exportadora variada cun volume exportador de 662,8 millóns de euros.

Na actualidade, o maior peso comercial das empresas galegas está en Europa, principal destino das exportacións, xa que representa o 71,4 % do total -22.138 millóns de euros

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

en ventas-, e dentro da UE, Francia segue a ser o primeiro socio comercial, con 5.140 millóns de euros, seguido de Portugal (4.309 millóns de euros) e Italia (3.331 millóns de euros).

Por iso, tal e como explicou Rueda unha das apostas de Galicia "é diversificar mercados" e EEUU sempre é un mercado interesante e, polo tanto, para minimizar o impacto dunha posible guerra comercial, "a Xunta activará, a través da antena do Igape en Estados Unidos, un observatorio de vixilancia!. Esta ferramenta permitirá "facер un seguimento das políticas comerciais, asesorar as empresas galegas e ofrecer apoio técnico e información estratéxica para que poidan adaptarse aos novos escenarios".

Ademais, a nova Estratexia seguirá fortalecendo a expansión das empresas galegas en mercados clave, dando continuidade aos avances logrados no marco da Estratexia 2021-2025, que permitiron que as exportacións da Comunidade acadasen un novo máximo histórico en 2024 con 31.019 millóns de euros, un 3,3 % máis que en 2023, situándose moi por riba do crecemento medio estatal (0,2 %).

O acordo Mercosur-UE

Rueda resaltou que outras das claves desta nova fase da internacionalización galega será o acordo político Mercosur-Unión Europea, que permitirá reforzar a integración comercial e abrir novas oportunidades de negocio en América Latina. A liberalización do 90 % das importacións e exportacións entre ambos os bloques impulsará sectores esenciais galegos e facilitará o acceso a mercados como Brasil e Arxentina.

Neste contexto, Rueda lembrou que "a Xunta abrirá en 2025 unha nova oficina do Igape en Brasil", co obxectivo de facilitar a expansión das empresas galegas nesta rexión clave e mellorar a súa conexión cos mercados latinoamericanos.

Así mesmo, seguirá a potenciarse a diversificación de mercados, que nos últimos anos e no marco da actual Estratexia permitiu medrar de modo continuo en América do Norte, América do Sur e Asia, entre outros.

Mercados emerxentes

A nova Estratexia de internacionalización está a ser deseñada contando coa participación activa dos sectores económicos galegos, inclúe mesas de traballo cos clústeres e diferentes axentes, na procura de recoller as súas necesidades e demandas e que estas queden reflectidas nas medidas e accións que se adopten.

A través desta folla de ruta, a Xunta busca garantir que o tecido empresarial da Comunidade siga a ser competitivo a nivel global, aproveitando as novas oportunidades que xorden nos mercados emerxentes e consolidando a posición de Galicia como unha das principais rexións exportadoras de España.

Neste marco, cómpre salientar que este plan de accións dará continuidade ao traballo xa feito durante estes anos, que impulsou a internacionalización apostando pola diversificación, incorporando novos mercados e produtos aos procesos de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

internacionalización das empresas galegas. Tamén polo fomento da innovación nos procesos de internacionalización e, como non podería ser doutro xeito, polo talento galego internacional, ao tempo que acompañou o tecido empresarial neste proceso de busca e consolidación de novos mercados no exterior.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESEÑA O PLAN DE USOS DO TEATRO CINE FRAGA PARA ERIXILO COMO ESPAZO ESCÉNICO, MUSICAL, AUDIOVISUAL E LITERARIO DE REFERENCIA NO NOROESTE PENINSULAR

- O Consello dá o visto e praxe ao informe da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude que recolle tamén liñas estratéxicas para aproveitar o seu gran potencial
- Tirarase proveito dos 7.000 metros cadrados para ofrecer unha ampla programación que teña en conta as achegas da cidadanía ao longo do proceso participativo
- A súa optimización permitirá acoller espectáculos de entre 860 e 2.000 persoas, á vez que laboratorios, residencias artísticas e accións formativas para o sector
- Potenciarase a implicación e consolidación de novos públicos coa creación dun club infantil e a realización de actividades e obradoiros dirixidos á cativada e á mocidade
- Unha sala expositiva permanente porá en valor os vencellos deste emblemático edificio co desenvolvemento do cinema en Vigo e na Comunidade

O Teatro Cine Fraga conta xa cunhas liñas estratéxicas definidas e un plan de usos perfilado co obxecto de converter este edificio emblemático da cidade de Vigo nun espazo escénico, musical, audiovisual e literario de referencia no noroeste peninsular. O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao informe con estas propostas da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, enriquecido coas suxestións de particulares e entidades culturais que fixeron as súas achegas a través da campaña, presencial e virtual, *O mellor espazo busca o mellor contido*.

Estas medidas buscan tirar o máximo proveito e potencial deste simbólico inmovible de 7.000 metros cadrados, adquirido o verán pasado pola Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra, co fin de consolidalo como un importante polo dinamizador da cultura da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Con este propósito, as medidas estratéxicas e usos non só están deseñadas para ofrecer unha programación ampla e diversa, que ten en conta a suxestións feitas pola cidadanía do ámbito de diferentes disciplinas artísticas, senón para desenvolver no Teatro Cine Fraga un viveiro de creación e experimentación en todas elas que fagan del un epicentro de innovación cultural.

Laboratorios e residencias artísticas

Deste xeito, a súa recuperación pasa por transformalo nun espazo arquitectónico flexible e polivalente que favoreza a produción e experimentación, a través de obradoiros e laboratorios de ideas vencelladas ás artes musicais, audiovisuais, e literarias. Nesta liña, propónse a posta en marcha de residencias artísticas para profesionais locais e tamén de todo o noroeste peninsular.

En todo caso, este pulo á creatividade tamén se complementará con actividades formativas que favorezan a profesionalización deste sector e que, consecuentemente, repercutan no desenvolvemento social e económico neste ámbito.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Sala polivalente de ata 2000 persoas para teatro, concertos ou cinema

No plan de usos tamén se salienta o dinamismo do edificio para optimizalo e organizar encontros, festivais e ciclos temáticos, en que se procurará a participación de creadores emerxentes xunto cos xa consolidados. Para iso, propiciaranse sinerxías e alianzas entre entidades culturais locais e do resto do territorio galego e noroeste peninsular.

Con este obxecto, tense en conta o feito de que disporá dunha sala que se pode transformar para acoller tanto espectáculos teatrais como concertos ou cinema, ao contar cun espazo flexible cunha capacidade para 860 persoas, cinguíndose só ao emprego de butacas, pero que permite albergar ata un total de 2.006, ao ser posible a retirada de parte dos asentos para certos espectáculos.

Espazo museístico homenaxe ao cinema e a Isaac Fraga

O Teatro Cine Fraga tamén vai contar cun espazo museístico. Está concibido como unha área de pequeno tamaño, pero alto valor cultural, destinada a preservar, destacar e compartir os vencellos deste edificio co desenvolvemento do cinema na cidade olívica e Galicia. Cómpre lembrar que este inmovble foi encargado hai máis de 80 anos por Isaac Fraga, un dos exhibidores cinematográficos máis importantes na Comunidade naquela época.

Desta forma, procurarase que mostre a memoria viva da cultura audiovisual de Vigo e da Comunidade. Nesta liña, está prevista a recuperación do histórico órgano de cine, único que hai en España para acompañar as proxeccións.

Creación e coidado de novos públicos e creadores culturais

Nas liñas estratéxicas deseñadas dáselle relevancia á inclusión dunha educación cultural temperá, garantindo a participación activa e consciente da infancia na vida cultural, como un xeito de coidar, alimentar e consolidar novos públicos e tamén creadores culturais.

Neste senso, propónse a posta en marcha de actividades e obradoiros dirixidos á infancia e á mocidade que estimulen a creatividade e a experimentación, vencellados á escritura creativa, á composición musical e á produción audiovisual. Ademais, avógase pola creación dun club infantil, que permita á cativada asistir e participar en eventos culturais que programe o Teatro Cine Fraga.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cafetaría con dimensión cultural

Finalmente, a cafetaría tamén contará cunha definición de usos específica para ela neste plan da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, xa que ademais de servir de punto de encontro informal entre a cidadanía e este novo espazo cultural, se vai habilitar para determinados eventos e para desenvolver unha programación concreta.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MÁIS DE 1.000 PERSOAS TRABALLADORAS DE PRETO DE 100 EMPRESAS BENEFÍCIANSE DAS MICROFORMACIÓNS APOIADAS POLA XUNTA NA ÚLTIMA EDICIÓN DO BONO TALENTO EMPRESA

- O Consello da Xunta analizou hoxe un informe relacionado coas achegas desta iniciativa para realizar formacións non regradas de curta duración, á carta de cada empresa e para reforzar as competencias e habilidades das persoas traballadoras
- As entidades e persoas traballadoras beneficiadas ao abeiro da convocatoria do ano pasado duplican as da edición de 2023, a primeira destas achegas e coa que se apoiaron microformacións para 532 persoas de 49 entidades
- Este ano o Goberno galego continuará dando pulo a esta iniciativa cunha nova convocatoria por valor de 2 M€
- Este programa diríxese a microempresas, pequenas empresas, persoas autónomas e tamén a medianas e grandes compañías e con el finánciase formación nos ámbitos dixital, industrial, de xestión, de servizos persoais e a clientes, entre outros
- A iniciativa forma parte da aposta de Galicia por unha formación flexible e acorde ás necesidades do tecido empresarial e traballadores ocupados ou desempregados, e que seguirá desenvolvéndose cun decreto que regulará as microcredenciais

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre as axudas concedidas ao abeiro das convocatorias de 2023 e 2024 do programa Bono talento empresa para realizar formacións non regradas de curta duración, axustadas ás necesidades particulares de cada empresa e buscando reforzar as competencias e habilidades das persoas traballadoras. Del despréndese que na última edición desta iniciativa se beneficiaron dela 1.070 persoas traballadoras de 96 empresas, o que supón o dobre da convocatoria de 2023, a primeira destas achegas e coa que se apoiaron microformacións para 532 persoas de 49 entidades. Co fin de seguir potenciando esta iniciativa, este ano o Goberno galego publicará unha nova convocatoria dotada con 2 M€.

As principais destinatarias destas axudas, cofinanciadas pola Unión Europea a través do Programa FSE+ de Galicia 2021-2027, son as microempresas e pequenas empresas - modelo maioritario no tecido empresarial galego- e a elas tamén poden acceder autónomos que teñan contratado persoal por conta allea e medianas e grandes empresas, estas últimas incluídas como novidade na convocatoria de 2024. O importe subvencionable dependerá do tamaño da firma, ata un máximo de 25.000 euros por entidade.

Con estes apoios finánciase unha formación non formal de curta duración destinada a actualizar e mellorar os coñecementos e competencias dos cadros de persoal das empresas nos ámbitos dixital, industrial, de xestión, de servizos persoais e a clientes, para facelos máis competitivos neste contexto de rápidos cambios tecnolóxicos e organizativos. Destes aspectos, na convocatoria do ano pasado financiáronse 180 accións formativas e predominaron as do ámbito da xestión empresarial (76), seguido polo de servizos aos clientes (50) e logo as competencias dixitais (31). Na de 2023,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

apoiáronse 96 cursos e destacaron os relacionados coas competencias dixitais (37), seguido polos de xestión empresarial (21) e servizos aos clientes (19).

Estes modelos de experiencias curtas de aprendizaxe contribúen a atender as necesidades específicas das empresas galegas e a reforzar as competencias e habilidades dos traballadores. Ao mesmo tempo, promoven a mellora da empregabilidade das persoas beneficiarias e o seu talento, así como a competitividade do tecido empresarial galego.

Neste sentido, estes proxectos formativos -compostos por un máximo de tres accións, cada unha de entre 16 e 100 horas- poden ser adaptados no nivel de contidos, programas ou persoal docente das propias accións ás necesidades específicas de cada solicitante. Deste xeito, búscase que as empresas dean resposta áxil e flexible a unha contorna laboral de cambios cada vez máis rápidos -ante, por exemplo, a transición dixital e verde, ademais das novidades tecnolóxicas, de servizos ou organizativas-.

Pulo á formación flexible e á carta

Este programa, que segue as directrices da UE neste ámbito, enmárcase na Axenda galega de capacidades para o emprego da Xunta e na súa aposta por unha formación axustada ás necesidades do tecido empresarial —ao tempo que se contribúe a xerar emprego de calidade—, un eido que conta en 2025 cun orzamento global de 72 M€.

Galicia reivindica ao Goberno central unha maior flexibilidade nos fondos finalistas para formación co obxectivo de reforzar a eficacia das políticas activas de emprego, que serán avaliadas pola USC dentro dunha folla de ruta pioneira, que busca esa maior flexibilización para atender as demandas de empresas e traballadores ocupados e desempregados.

Nesta mesma liña, a iniciativa analizada hoxe polo Consello da Xunta complementase coa liña de formación regrada a demanda das empresas tamén dirixida a traballadores (4M€), e combínase cos convenios subscritos actualmente con nove clústeres galegos para a impartición de accións formativas deseñadas polas propias entidades ou as convocatorias abertas ata o 30 de setembro para apoiar as unidades formativas en empresas (8M€ e destinada a persoas desempregadas).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVANZA NO IMPULSO DA NOVA OFICINA DE EMPREGO DE VILALBA TRAS ADXUDICAR AS OBRAS DE REMODELACIÓN DA NOVA SEDE POR UN IMPORTE DE MÁIS DE 755.000€

- O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre as actuacións de adecuación da futura oficina, un espazo de máis de 540 metros cadrados que albergará tanto o persoal do Servizo Público de Emprego de Galicia coma o do SEPE
- Despois dunha remodelación que contará cun prazo de 6 meses, o novo espazo reforzará o seu papel fundamental de orientación e intermediación laboral e redundará na mellora na atención da veciñanza deste concello e da súa contorna
- O futuro local, situado na rúa das Pedreiras e propiedade da Xunta, co conseguinte aforro de alugueiro, contará con maior espazo para o persoal e despacho para orientación laboral, entre outros servizos
- Esta medida encádrase no proceso de modernización do SPEG, que está a impulsar a Xunta para consolidalo como un nodo público de empregabilidade, referente de innovación e dixitalización e ao cal este ano destina, en total, máis de 8 M€
- Neste marco impúlsanse outras medidas como a ferramenta EMI, implantada nas 54 oficinas de emprego de Galicia, a formación continua do persoal do SPEG ou o recente acordo con Microsoft para formar ata 45.000 mozos en intelixencia artificial

O Goberno galego avanza no impulso das obras de remodelación da nova sede da oficina de emprego de Vilalba tras a recente adxudicación, por máis de 755.000 euros, do contrato de reforma do novo local, que se situará na rúa das Pedreiras e substituirá o actual, localizado na rúa Pintor López Guntín, 11.

O novo espazo —que albergará tanto o persoal do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) coma o do estatal (SEPE)— contribuirá a reforzar o seu papel de orientación e intermediación laboral e redundará na mellora da capacidade e calidade da atención da veciñanza deste concello lugués e dos municipios de Cospeito, Guitiriz e Xermade, favorecendo a atención das persoas demandantes de emprego, promovendo as oportunidades laborais e avanzando na cobertura das vacantes do sistema produtivo.

A actuación enmárcase no proceso global de modernización do Servizo Público de Emprego de Galicia que está a impulsar o Executivo autonómico para consolidalo como un nodo público de empregabilidade, referente de innovación e dixitalización. Un ámbito ao cal este ano a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración destina máis de 8 M€ e no que se inclúen o reforzo do servizo de orientación laboral e prospección empresarial, obras de renovación nas oficinas de emprego —como é o caso da de Vilalba—, melloras como o desenvolvemento da app de EMI ou a incorporación de novos caixeiros nas oficinas para a renovación das demandas de emprego, petición de cita previa ou outras xestións, co obxectivo de axilizar trámites e incrementar a eficacia do servizo.

Futura oficina de emprego de Vilalba

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A oficina de emprego de Vilalba contará con máis de 540 metros cadrados de superficie e pasará a ocupar dous locais situados na rúa das Pedreiras que son propiedade da Xunta, polo que se avanza así tamén co plan de aforro de alugueres impulsado pola Consellería de Facenda e Administración Pública.

As obras de remodelación desta infraestrutura, adxudicada á empresa Novavial, S.L. por un valor de 756.438,07 euros —financiados con fondos finalistas do Servizo Público de Emprego Estatal—, prevén a adecuación de dúas áreas diferenciadas, unha para a oficina do SPEG e outra para a do SEPE.

Así, a zona dedicada ao servizo autonómico contará cun posto de control de acceso, zona de espera, despachos de dirección e de orientación, sete postos de traballo, arquivo, almacén, aseos, cuarto de limpeza e zona de instalacións. Pola súa banda, o SEPE disporá tamén dun posto de control de acceso, zona de espera, despacho de dirección, tres postos de traballo, sala de reunións, arquivo, oficio, aseos e zona de instalacións.

O prazo de execución das obras será de seis meses contado desde o 19 de marzo.

Impulso da empregabilidade

Xunto coa mellora das infraestruturas, o proceso de modernización do SPEG impulsado pola Xunta inclúe tamén unha aposta estratéxica pola dixitalización para incrementar a súa eficacia e valerse das novas tecnoloxías para axustar de xeito preciso a oferta e a demanda de emprego. Neste marco, destaca a implantación pioneira da ferramenta de intelixencia artificial EMI —dispoñible xa nas 54 oficinas de emprego de Galicia e galardoada recentemente pola Comisión Europea—, que xa permitiu desde setembro de 2024 o perfilado competencial de máis de 40.000 persoas, ademais do programa de seguimento intensivo da demanda de emprego, que busca reforzar a eficacia dos procesos de selección do SPEG, atendendo ás necesidades reais de cada inscrito.

En paralelo, o Goberno galego tamén avanza no impulso da formación. Así, a Xunta vén de asinar un convenio con Microsoft en materia de intelixencia artificial, dirixido tanto á mocidade desempregada como a aquelas mozas e mozos que queiran mellorar as súas oportunidades laborais a través do Servizo Público de Emprego de Galicia, prevendo beneficiar unhas 45.000 persoas. Ademais, este ano tamén se continuará a reforzar a propia formación do persoal do SPEG —estendendo por primeira vez tamén as accións ao persoal das oficinas de retorno— co obxectivo de incrementar e reforzar as súas competencias e habilidades, promovendo a transformación tecnolóxica e o seu máximo aproveitamento ao servizo dos retos que hoxe enfrenta o mercado laboral. Adicionalmente, habilitarase un campus virtual para os orientadores de entidades colaboradoras do SPEG e dos centros de formación profesional con accións formativas especificamente deseñadas sobre temas como o mercado laboral de Galicia, a orientación profesional, as competencias laborais segundo as taxonomías europeas e o SPEG, co fin de impulsar a calidade do servizo e a empregabilidade da cidadanía.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA SALIENTA O RÉCORD DE MULLERES AFILIADAS EN 2024 E A PROGRESIVA REDUCIÓN DAS FENDAS DE XÉNERO, PROMOVEDO A SÚA PRESENZA EN SECTORES MASCULINIZADOS

- O Consello da Xunta analizou hoxe un informe elaborado polo Observatorio de Prospectiva do Mercado de Traballo que analiza a situación da muller no mercado laboral galego no ano 2024
- O documento recolle que o pasado ano se rexistrou o máximo pico de afiliadas das serie histórica, con 533.647 persoas, e que Galicia ocupa o 2º posto en España no tocante á proporción de mulleres cotizantes respecto do total de afiliacións
- Aínda que as mulleres seguen a empregarse maioritariamente no sector terciario, destaca o comportamento da ocupación en eidos infrarrepresentados como a construción, cun avance do 40 %
- Para continuar apuntalando estas cifras, a Xunta avanza na formación en materia de igualdade e impulsa medidas pioneiras como a liña orientada a promover a presenza feminina en sectores masculinizados integrada no Galicia Emprega (20M€)
- Ademais, hoxe o Consello tamén analizou o borrador do decreto polo que se regulan a Certificación galega de excelencia en igualdade e o Rexistro de empresas e entidades do 3º sector recoñecidas con este selo, de cara ao seu ditame polo Consello Consultivo

O Consello da Xunta analizou hoxe o informe *As mulleres no mercado de traballo 2024*, un documento elaborado polo Observatorio de Prospectiva do Mercado de Traballo que, con motivo da celebración do Día Internacional das Mulleres, analiza diferentes variables que inciden na estrutura do mercado laboral feminino e nos principais parámetros que miden a temperatura da súa realidade socioeconómica. Así, o informe constata que no ano 2024 segue a consolidarse a presenza da muller no mercado de traballo, con maiores taxas de emprego e poboación activa, e menor paro. Así mesmo, continúan a reducirse progresivamente as fendas de xénero, cun incremento da taxa de actividade feminina entre os 16 e os 64 anos de máis de 10 puntos nos últimos 20 anos.

Co obxectivo de continuar apuntalando estas cifras e seguir afianzando a presenza da muller no mercado laboral, a Xunta de Galicia impulsa medidas estratéxicas neste campo, no marco das súas políticas activas de emprego. Entre elas destaca o Galicia Emprega, dotado cun orzamento global de 20M€, para favorecer a empregabilidade de colectivos prioritarios. A convocatoria conta cunha liña específica para mulleres (7M€) e outra adicional para promover a presenza feminina en sectores masculinizados (1,7M€), uns apoios que o Executivo galego puxo en marcha o pasado ano de xeito pioneiro.

En paralelo, tamén está a realizar un importante esforzo para garantir a equidade laboral. A ese respecto, precisamente hoxe o Consello da Xunta analizou o borrador do futuro decreto polo que se regulan a Certificación galega de excelencia en igualdade e o Rexistro de empresas e entidades do 3º sector recoñecidas con este selo, de cara ao seu ditame polo Consello Consultivo. A medida súmase a outras neste senso, como o campus en liña en materia de igualdade laboral, un espazo dixital de formación que

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

conta xa con máis de 6.000 persoas usuarias e que está dirixido a formar e sensibilizar na igualdade laboral efectiva entre mulleres e homes a través de accións gratuítas.

Radiografía da muller no mercado laboral galego

O informe analizado hoxe no Consello da Xunta recolle que en Galicia nunca houbo tantas mulleres traballando como en 2024, en que se rexistrou o máximo pico de afiliadas de toda a serie histórica, con 533.647 persoas, e a menor taxa de paro desde 2008. Ademais, a nosa comunidade ocupa o 2º posto en España no tocante á proporción de mulleres cotizantes respecto do total de afiliacións, superando en dous puntos ao Estado.

Por outra banda, a poboación activa feminina aumenta e a taxa de actividade de 16 a 64 anos sobe ata o 71,66 % en 2024. Neste contexto, detéctase unha elevada presenza da muller entre os activos de maior cualificación: o 56,04 % das persoas activas con estudos superiores en 2024 son mulleres.

No referido á ocupación, a creación de emprego feminino ao longo do 2024 queda patente na evolución desta taxa, que vén experimentando un crecemento sostido desde 2008 de 6,89 puntos. Por sectores, as mulleres seguen a empregarse maioritariamente no terciario. Con todo, a ocupación en eidos infrarrepresentados amosa un avance do 40 % na construción —o maior ritmo de creación de emprego sectorial—, así como na industria e no sector primario. Por áreas, son clave industrias como a téxtil e a da alimentación, pero tamén destaca a presenza feminina en ramas de alto valor engadido como a educación ou as actividades profesionais, científicas e técnicas. Respecto dos postos, o informe reflicte que as mulleres están a irromper no mercado de traballo en ocupacións que requiren un alto nivel de educación e especialización, cunha clara tendencia alcista.

No que respecta aos salarios —e segundo os datos da Axencia Tributaria para o ano 2023—, Galicia rexistra a menor fenda salarial de xénero de toda a serie histórica (desde 1999), cun 18,36 % a prol dos homes, un punto por debaixo da media nacional. Se atendemos á evolución desde 2008, o salario medio anual das mulleres experimentou un aumento moi superior ao dos homes neste período, un 40,28 % fronte a 28,07 %.

Orientación profesional

O documento tamén pon o foco na elección de estudos por parte das mulleres. Así, reflicte que hoxe hai unha maior presenza de universitarias mulleres -un 57,30 % das persoas matriculadas nas universidades galegas no 23-24-. Neste contexto, continúan ter presenza maioritaria nas áreas do ensino, a saúde e os servizos sociais, contando cunha menor presenza en disciplinas como a informática e as enxeñarías. No que respecta á formación profesional, aínda que en xeral hai máis alumnos homes, a porcentaxe de matrículas de mulleres estase incrementando de xeito paulatino desde o curso 2019/20 e, de feito, en 11 das 25 familias profesionais que se imparten en Galicia, o número de mulleres matriculadas supera o de homes, como é o caso de titulacións vinculadas aos servizos socioculturais, á sanidade e á imaxe personal. Co obxectivo de seguir avanzando na presenza da muller en sectores masculinizados e espertar

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

vocacións temperás, a Xunta impulsa o programa *Que non te lín, ti elixes*, unha iniciativa promovida a través das consellerías de Emprego, Comercio e Emigración e de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. Actualmente participan 77 centros de secundaria—que se suman aos 97 predecesores da 1ª convocatoria deste curso—, que acollerán charlas en prol de que as mulleres escollan profesión atendendo ás súas capacidades ou motivacións persoais, sen deixarse limitar por prexuizos ou estereotipos de xénero.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FARÁ EFECTIVO NESTE MES DE MARZO UN NOVO PAGAMENTO DAS AXUDAS DA PAC POR IMPORTE DE CASE 3,5 M€ A UNS MIL BENEFICIARIOS

- O Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), organismo pagador da PAC adscrito á Consellería do Medio Rural, executará un proceso de pagamento intermedio das liñas de axudas cos importes máis elevados
- A medida tómake pola existencia dun grupo de beneficiarios que non puideron percibir as axudas correspondentes á campaña de 2024 no mes de decembro por non estaren rematados todos os controis preceptivos
- A Xunta publicará este mesmo mércores, día 5 de marzo, a convocatoria da campaña da PAC para o ano 2025

A Xunta fará efectivo a mediados deste mes de marzo un novo pagamento das axudas da política agraria común (PAC) por importe de preto de 3,5 millóns de euros a arredor de mil beneficiarios, tal e como figura nun informe da Consellería do Medio Rural do que tomou razón hoxe o Consello do Goberno autonómico. Así, o Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), organismo pagador da PAC adscrito á Consellería do Medio Rural, executará un proceso de pagamento intermedio das liñas de axudas cos importes máis elevados.

Este pagamento realízase pola existencia dun grupo de beneficiarios que non puideron percibir as axudas correspondentes á campaña de 2024 no mes de decembro por non estaren rematados todos os controis preceptivos. Está previsto que os beneficiarios cobren o importe da axuda entre os días 12 e 13 de marzo, cun desembolso total, por parte do Fogga, de 3.493.375,15 euros.

Entre os meses de outubro e decembro do pasado ano o Fogga pagou preto de 160 millóns de euros aos agricultores e gandeiros galegos en concepto de axudas da PAC. O resto dos importes pendentes de transferir ata completar os 220 millóns de euros previstos pagaranse antes do vindeiro 30 de xuño, logo do establecemento por parte do Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) dos importes unitarios definitivos e de que este organismo autorice o pagamento do 100% das axudas directas.

O Fogga é consciente da existencia dun grupo de beneficiarios que non puideron percibir as axudas no mes de decembro por non estaren rematados todos os controis para o seu caso. Co fin de que estas explotacións non teñan que esperar ao mes de xuño para recibir os pagamentos da PAC que lle corresponden e que en moitos casos son necesarios para a súa viabilidade, considerouse a necesidade de executar o devandito proceso de pagamento intermedio das liñas cos importes máis elevados.

Por outra banda, cómpre lembrar que a Xunta publicará este mesmo mércores, día 5 de marzo, a convocatoria da campaña da PAC para o ano 2025. Calcúlase que conte cun orzamento de arredor de 224 millóns de euros para beneficiar uns 23.000 agricultores e gandeiros galegos.